

# Brañas da Valga

*Aula da Natureza e Centro de Interpretación do Barro*




**Concello de Mesía**

Concello de Mesía  
Xanceda, s/n. 15685 Mesía (A Coruña)  
Tel.: 981 687 001. Fax: 981 687 069  
[concellodemesia.es](http://concellodemesia.es)




# *Brañas da Valga*

*Aula da Natureza e Centro de Interpretación do Barro*



O Concello de Mesía pon a túa disposición este espazo, para que coñezas e valores o noso contorno natural, social e cultural dunha forma amena e divertida.

O barro, a arxila e a cerámica son os protagonistas deste lugar, sen esquecer a importante riqueza dos humedais.





# *A Orixe*

O Concello de Mesía é rico en xacementos de barro de gran calidade para a fabricación de cerámica industrial.

As Brañas da Valga, sitas na parroquia de Visantoña, foi un dos moitos lugares onde se realizou a extracción de barro.

Esta antiga telleira foi abandonada arredor do ano 1970 e, dende entón, o gran oco xerado no terreo foi, pouco a pouco, converténdose nunha lagoa artificial e as súas ladeiras,



erosionadas polo sol e pola choiva, colonizáronse de plantas e animais.

No ano 2000, nun proxecto financiado pola Deputación Provincial da Coruña, comezaron os traballos para a recuperación e valorización do espazo, creándose a lagoa, o edificio central, a rede de camiños e restaurándose a paisaxe.

No ano 2009 rematouse de crear e dotar o espazo e as súas instalacións.



# O Conxunto

Nunha vista aérea da zona, obsérvase un gran conxunto que está formado pola Aula da Natureza e Centro de Interpretación do Barro e por un contorno recuperado cuxo principal compoñente é a lagoa.

A lagoa, o seu contorno e o edificio ocupan unha superficie total de aproximadamente 18.100 metros cadrados, dos cales 4.060 metros cadrados corresponden a zona de beira.

1

A primeira barreira abandonouse hai moito tempo, tanto, que xa case ninguén a lembra nin sabe que existiu. Agora é aparentemente unha fermosa lagoa natural.



2

A segunda foi abandonada fai máis de 20 anos. Actualmente recuperada.



3

Na terceira aínda se extrae barro para a fabricación de ladrillos e cerámica industrial.





# O Centro

Aula da Natureza e Centro de Interpretación do Barro alberga unha mostra completa na que os visitantes poden coñecer con detalle a historia das telleiras, proporcionándolles un coñecemento global do traballo coa arxila, que lles resultará útil para entender mellor o presente e o futuro do contorno. Nela faise un percorrido detallado dende a formación do barro e a súa extracción ata as distintas técnicas de elaboración de materiais cerámicos a través da historia.

## EXPOSICIÓN SOBRE O MEDIO NATURAL DAS BRAÑAS

Paneis interpretativos con abundante información sobre aspectos naturais das brañas e a fauna e flora das zonas húmidas, así como o seu valor ecolóxico.



## EXPOSICIÓN DE CERÁMICA TRADICIONAL

É a maior colección de cerámica tradicional de Galicia. Expóñense cerámicas de Guindivós, Niño da Aguiá, Buño e Bonxe.



## AULA TALLER E LABORATORIO SOBRE A ARXILA E A FAUNA E FLORA

Esta aula está equipada para realizar experiencias prácticas e dispón de todo o material necesario para traballar co barro e realizar diversos experimentos.



## AULA DE USOS MÚLTIPLES

Utilízase sempre que se necesita un espazo para realizar calquera actividade: exposicións, proxeccións, etc...



## CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ARXILA

Conta con mostras de cerámica, mostras de aplicacións da arxila e unha serie de paneis acerca da historia da cerámica en Galicia, as técnicas de elaboración de diferentes produtos cerámicos, etc.



# A Flora



A lagoa transformouse co tempo. A medida que evolucionou, as bandas de vexetación invadiron a auga libre e as súas beiras.

Neste lugar existen diferentes especies vexetais típicas das zonas de brañas e, algunhas delas, exclusivas deste medio.

Sobre a superficie da auga flotan as espigas e lentellas de auga. Predominan as plantas herbáceas como o bugallón, as espadanas ou os xuncos e, é frecuente, que o chan estea cuberto de mofo.

Bordeando a lagoa existen diferentes especies arbóreas, como o salgueiro e o ameneiro, que coas súas raíces fixan a ribeira impedindo que se erosione e se perda.

O sabugueiro e o estripeiro producen froitos moi ricos que atraen a gran variedade de animais.

Máis alá, sen afastarse moito, o loureiro e o carballo prefiren lugares máis secos.



# A Fauna

Unha vez recuperadas as beiras e instaladas as plantas, os animais chegaron ao entorno. A algúns deles, como os anfibios, foi necesario facilitarlles especialmente as cousas. A maioría viñeron polo seu propio pé ou polas súas propias ás.

Algúns dos mamíferos que viven nesta zona son a rata de auga, a londra ou os morcegos que sobrevoan as augas cazando insectos.

Nos arredores da lagoa viven especies como o ouriolo, a carriza dos xuncos, o gaio ou a garza real. Nadando na masa de auga pode descubrirse a galiñola, o mergullón pequeno e o pato real. Na primavera reúnen moitas andoriñas.

Tamén hai multitude de insectos, como os escaravellos acuáticos e os cabaliños do demo.

Xunta ás beiras viven anfibios e réptiles como os sapos e as ras e tamén tritóns xaspeados de brillantes cores.





# O Entorno

A área que rodea o edificio e a lagoa é moi ampla e está acondicionada con sendeiros peonís, de varios quilómetros, e miradoiros para poder contemplar todo o contorno natural gozando da gran variedade de fauna e flora que habita nesta zona.

Este itinerario conta con áreas de descanso, que teñen mesas e asentos, zonas de arboredo con sombra, un cuberto para o uso como taller-escola no exterior ou calquera outro acto ou evento de carácter lúdico ...





# *As Actividades*

As actividades que se realizan na Aula da Natureza e Centro de Interpretación do Barro das Brañas da Valga establécense tras un contacto previo no que se determinan os motivos da visita, o número de participantes,

as idades, o tempo dispoñible, etc.

A partir destes datos, elabórase, para cada grupo, unha programación específica baseada nas actividades xerais.

A duración e os contidos das actividades son

moi flexibles para poder adaptarse ás preferencias e necesidades dos visitantes.

As principais actividades que se realizan para grupos escolares e non escolares son:

- **VISITA GUIADA**

Un monitor acompaña o grupo polas distintas instalacións e pola lagoa e arredores, explicando o que se ve e respondendo as posibles dúbidas.



- **OBRADOIROS**

Cada un deles ten unha duración aproximada de 1 hora e está adaptado á idade dos visitantes.

- **Análise do solo e da auga**

A partir dunha mostra de solo e/ou auga, os participantes observan os seus diferentes compoñentes e as súas características fundamentais.



- **Obradoiro de modelado con barro**

Construción de diferentes pezas de barro. Os participantes conciéncianse do avance tecnolóxico e, ao mesmo tempo, favorecese o seu desenvolvemento autónomo no plano artístico.



- **Obradoiros utilizando materiais naturais**

Realización de diversos obradoiros a partir de materiais naturais como a cera de abella e outros compoñentes para a realización de candeas, xabóns, materiais reciclables, ...

O obxectivo deste obradoiro é que se vexa a importancia dos produtos naturais para o ser humano.



- **Quebracabezas das Brañas da Valga**

Xogo de pistas mediante o cal os participantes se sitúan xeograficamente no contorno no que viven, descubren distintos aspectos da natureza de Brañas da Valga e outros relacionados coas telleiras e o traballo do barro. Por cada acerto reciben unha peza dun quebracabezas e, ao final, todos xuntos completan o plano.



- **Xogos**

Realízanse diferentes xogos arredor da exposición con contidos da información dos paneis, xogos de pistas no entorno, ... Os participantes buscan información nos paneis e responden a diferentes preguntas.



Ademais destas actividades, poderanse realizar outras con carácter extraordinario, sempre adaptadas aos grupos aos que van dirixidas.



# Os Horarios

## **PÚBLICO EN XERAL:**

Consultar días e horarios de apertura. Teléfonos: 981.687.001, 699.453.750.


Aqueles grupos que desexen realizar unha visita guiada deben poñerse en contacto co centro.

## **GRUPOS ESCOLARES CON CITA PREVIA:**

Concertar cita previa. Horarios adaptados a cada grupo.

En casos excepcionais, o centro abrirá pola tarde (eventos, exposicións, charlas, ...).

# A Localización



# 0 Contacto

Aula da natureza e Centro de Interpretación do Barro “Brañas da Valga”.



**Brañas da Valga. Visantoña**  
**15685 Mesía. A Coruña**



**[aulanatureza@concellodemesia.es](mailto:aulanatureza@concellodemesia.es)**



**981 687 241 (Casa da Cultura)**  
**981 687 001 (Concello de Mesía)**  
**699 453 750 (Aula da Natureza e**  
**Centro de Interpretación do Barro)**



**[concellodemesia.es](http://concellodemesia.es)**  
**[aulanatureza.concellodemesia.es](http://aulanatureza.concellodemesia.es)**



DEPUTACION  
DA CORUÑA



centro de interpretación  
aula da natureza

Brañas da Valga - Visantofía



**Concello de Mesía**